

VIEIROS

Tempos Novos

Xestionado por [Tempos Novos](#)

CONVERSANDO CON XABIER LÓPEZ

Espellos e contraespellos

Detrás dun fume que asolaga o cuarto e dun intenso aroma a café ben cargado, o escritor Xabier López desvela as claves do seu mundo vital e literario. En Betanzos, cando cae a noite, avanza ideas sobre a literatura e a política, cos seus inevitables nexos, que el identifica coa metáfora de espellos e contra-espellos. Unha entrevista de **Pabo C. López e José Villanueva**.

- 10:24 22/02/2006

-O feito de ser político e, ademais, con cargo na Administración, como é a Concellería de Urbanismo, Vivenda e Casco Histórico no Concello de Betanzos, quítalle moito tempo para escribir. ¿É esta afirmación certa?

-A medias. Moito tempo si, e ganas non. Se cadra teño moitas máis ganas de escribir para intentar fuxir dun ritmo como é o burocrático, dunha administración como é a local. Outra cousa é que as ganas se correspondan co tempo real do que dispoño e que intente quitalo de debaixo das pedras.

-¿E quédalle tempo, como vulgarmente se di, "para cultivar a súa horta"?

-Quédame tempo para os meus vicios segredos. (Risas)

-¿Que teñen en común, ao seu ver, política e literatura?

-As dúas non deixan de ser exercicios continuos de imaxinación. Pero ás veces non deixa de ser certo que son máis reais as certezas ás que che conduce a literatura que as que che poida conducir a política, entendida coa interacción co cidadán. Tamén é certo que certas clases políticas queren botar pola borda a imaxinación no exercicio do poder ou no exercicio da representación política.

-No último ano vén de publicar en Rodeira Edicións un libro de literatura infantil titulado *A vella quenlla perde os dentes*, ¿é esta unha incursión esporádica no xénero ou ten pensado mergullarse máis a fondo na literatura de nenos?

-Foi unha maneira de poñerme a proba, unha especie de test nun xénero que me infunde moito respecto e no cal non tiña experiencia. Creo que o resultado foi digno e ademais divertínme moito escribindo. E se teño pensado escribir literatura infantil de novo, direi que do futuro pódese esperar calquera cousa.

-O protagonista de *A vida que nos mata* é un xornalista, ¿cre que o xornalismo é a única forma de interactuar coa verdade?

-Non é a única. Pero paréceme interesante á hora de buscar un personaxe que funcionase dentro dunha novela negra sen ser un detective privado ao uso. E ademais pareceume atractivo polas relacións que pode ter un xornalista sometido á presión dos medios e a relación que poida ter coas certezas, verdades ou medias verdades ás que lle poida conducir a investigación. Feitos que, pola súa circunstancia de xornalista, poderá contar ou non.

A entrevista completa, na edición impresa de TEMPOS Novos (febreiro 2006, nº 105)